

**CIRCULAR Nº 05**

**Temporada 17-18**

**Destino:** Delegacións, Clubs.

**Asunto:** Inscripcións dos equipos participantes en competicións de 1ª División PRE-INFANTIL e MINIBASKET.

Ponse en coñecemento das Delegacións zonais e de todos os clubs que o prazo de inscrición para os equipos que queiran disputar as competicións de 1ª División Pre-Infantil e 1ª División Minibasket remata os seguintes días

PRE-INFANTIL	31.07.17	13.00 hrs.
1ª MINIBASKET	15.09.17	13.00 hrs.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán remitir a inscrición o mail a súa delegación e logo entregar a seguinte documentación ORIXINAL:

- ***FOLLA DE INSCRICIÓN***

- ***DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO***, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- ***COTA DE AFILIACIÓN***, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

As cantidades en concepto de **COTA DE AFILIACIÓN E DEPÓSITOS INICIAIS OU AVAIS BANCARIOS** que deberán presentarse segundo a categoría son as seguintes:

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>	<u>Data</u>
Liga de 1ª Div. Pre-Infantil	120,00 €	300,00 €	31.07.17
Liga de 1ª Minibasket	120,00 €	300,00 €	15.09.17

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular, e non soamente entre aqueles equipos que en primeira instancia, teñen dereito á inscrición nas competicións de ámbito autonómico, senón tamén entre aqueles que puideran estar interesados en optar por algunha das prazas que se lle puideran dar.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía WEB, preparen toda a documentación necesaria orixinal e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 3 xullo 2017



Asdo. Susana Fernández Fiuza  
Secretaria Xeral